

SESIÓN FORMATIVA SOBRE METEOROLOXÍA E APARELLOS METEOROLÓXICOS EN METEOGALICIA



OBXECTIVO PRINCIPAL:

Achegar a Meteoroloxía á poboación, ben se trate de alumnos pertencentes a centros educativos ou de asociacións diversas.

En primeiro lugar amosarase a sala de predición, na que se explicarán as ideas básicas da predición meteorolóxica e as ferramentas que se empregan.

Posteriormente, farase unha breve presentación, que supoñerá unha iniciación á Meteoroloxía e Climatoloxía. Nesta actividade adecuarémonos ó nivel e ós intereses do auditorio, ben sexa Primaria, Secundaria, Bacharelato ou Universidade.

Para rematar, haberá unha mostra de aparellos meteorolóxicos, na que se explicarán os distintos sensores e a súa utilidade, así como se darán algunhas pinceladas sobre o traballo de observación meteorolóxica e o mantemento da rede de estacións meteorolóxicas de MeteoGalicia.

DATA E HORA DE COMEZO DA ACTIVIDADE:

Martes e Mércores: 10:30h da mañá

DURACIÓN DA ACTIVIDADE:

De 1 h e 15 min a 1 h e 30 min

IDADE OU NIVEL RECOMENDADO:

A partir de 3º de Primaria

